




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



San Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO SOBRE A EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS DE VIVENDAS NAS PROVINCIAS DE A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

En Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2016

Santiago,

21 XULL. 2016

REUNIDOS



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 220, do 18 de novembro), na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

E doutra, D. Eligio Nieto Lama, Presidente da Federación Galega da Construción (en diante, FGC), en representación da mesma, en virtude do nomeamento realizado pola Xunta Directiva da FGC na súa reunión do 25 de xuño de 2015.

MANIFIESTAN

PRIMEIRO.- Que o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, debendo promover, conforme ao artigo 5 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia a adecuada execución da edificación e a calidade da construción, podendo asinar, para o cumprimento destes fins, convenios con entes públicos ou privados.

Dentro das funcións deste organismo atópase a de estudar e propoñer disposicións relativas a técnicas e procesos de aforro de enerxéticos e edificación sostible, polo que, desenvolve iniciativas para incorporar a idea de aforro e eficiencia enerxética, como son a mellora da calidade da edificación e, polo tanto, do seu comportamento enerxético, reducindo, dunha parte, a demanda enerxética e os indicadores de intensidade enerxética e de emisións de dióxido de carbono.



Que para realizar as políticas de vivenda e propoñer disposicións de acordo coas necesidades existentes e as directrices a acadar, deberase ter un amplo coñecemento do estado do parque de vivendas existentes.

SEGUNDO.- Que a FGC, que ten entre os seus obxectivos a mellora do sector da construción en tódalas actividades que o integran, considera coma un fin estratéxico do sector potenciar as obras de rehabilitación enerxética que teñan coma finalidade reducir a demanda enerxética das vivendas, a mellora na eficiencia enerxética das zonas comúns dos edificios e a implantación de enerxías renovables.

Que como consecuencia do anterior, o IGVS e a FGC consideran conveniente a elaboración dun estudo sobre a eficiencia enerxética do parque de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de dispoñer dunha ferramenta que permita obter de información sobre as necesidades e beneficios destas actuacións en materia de rehabilitación e aforro enerxético con tal fin, subscriben o presente Convenio, que conterá coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OXECTO E FINALIDADES.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e a FGC para a elaboración dun estudo sobre a eficiencia enerxética do parque de vivendas das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra que permita a consecución das seguintes finalidades:

- Dispoñer dun instrumento esencial que permita xestionar a información sobre as necesidades e beneficios da rehabilitación enerxética, coa finalidade de reducir a demanda enerxética das vivendas, a mellora na eficiencia enerxética das zonas comúns dos edificios e a implantación de enerxías renovables.
- Realizar unha avaliación básica da mellora que se produciría nos edificios ao realizar unha rehabilitación enerxética da súa envolvente, así como o investimento necesario e os empregos directos xerados como consecuencia deses traballos.
- Deseñar un modelo econométrico de estudo cos datos obtidos da ferramenta GIS, no que se analice o impacto destas medidas nos empregos directos, así como outras variables, como ratios de retorno ás administracións, empregos totais xerados e prazos de recuperación do investimento, en función da rebaixa de consumos e evolución do prezo da enerxía.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XULL. 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Oureño Santos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XULL 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Queirriño Santos

- Desenvolver, con base nos datos obtidos da ferramenta GIS, un estudo de distribución das diferentes entidades de poboación no ámbito territorial do Convenio, xerando mapas temáticos en función do número de habitantes que residen nelas, que permitan a súa utilización na planificación que realice o IGVS sobre as necesidades de vivenda no ámbito territorial referido.

A titularidade do estudo será compartida polo IGVS e pola FGC, podendo calquera das dúas partes proceder a súa comercialización.

SEGUNDA.- PROCEDEMENTO E FASES DE ELABORACIÓN DO ESTUDO

No desenvolvemento do proxecto utilizarase o Sistema de Información Xeográfico ARCGIS para a análise e avaliación dos resultados. Dito sistema tomará como vivendas obxectivo prioritario dunha posible intervención as edificadas con anterioridade a 1980, aínda que se estudará o resto do parque de vivendas construídas entre esta data e a da entrada en vigor do Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, por lo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

Así mesmo, o sistema permitirá ter cartografiadas e detectadas todas aquelas vivendas de protección autonómica que obtiveran tal cualificación polo IGVS.

O desenvolvemento do estudo comprenderá as seguintes fases:

1) Nunha primeira fase realizaranse as extraccións da base de datos catastral, obtendo o ano de construción e, no seu caso, de reforma, altura máxima estimada e número de andares, estado de conservación e usos que se desenvolven en cada edificio. Unha vez realizadas estas extraccións, incorporaranse estes datos ao arquivo vectorial e realizaranse as operacións xeométricas que permitan obter o perímetro, a altitude a que está cada unha das fincas catastrais, a superficie de fachada e a superficie de fiestras.

2) Nunha segunda fase realizarase unha análise das diferentes tipoloxías construtivas de vivenda, agrupadas por data de construción, así como unha proposta de rehabilitación enerxética que mellore as condicións da envolvente. Para elo, realizarase unha avaliación coa ferramenta oficial Lider-Calener dos valores de transmitancia térmica "U" de cada unha das partes de cerramentos, de forma individualizada, antes y despois da rehabilitación. Coas actuacións de mellora definidas realizarase unha estimación dos custes de execución, da duración das obras e do número de operarios necesarios para realizalas.

3) Nunha terceira fase, unha vez incorporados os datos catastrais, xeométricos e de tipoloxía construtiva, engadirase a información para a avaliación de perdas e cargas térmicas. Para tal fin, utilizaranse os parámetros de consumos de calefacción que marca o manual de desenvolvemento da ferramenta oficial *Calener*, que define os consumos en función da zona climática do CTE (variable en función da altitude) e o uso a desenvolver (vivenda unifamiliar ou colectiva).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XUL 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeiriño Santos

TERCEIRA.- OBRIGAS DO IGVS NA ELABORACIÓN DO ESTUDO.

Para a adecuada execución dos traballos correspondentes á primeira fase, segundo o descrito na cláusula anterior, corresponderalle ao IGVS as seguintes funcións:

- A obtención dos datos da Dirección Xeral do Catastro, consistente na realización das extraccións da base de datos catastral, obtendo o ano de construción, ano de reforma, de ser o caso, altura máxima, estado de conservación e usos que se desenvolven en cada edificio.
- A obtención e depuración dos datos das vivendas de promoción pública ou protección autonómica que se considere oportuno introducir no Sistema de Información Xeográfico.
- A creación e coordinación dunha Oficina de Proxecto, formada por representantes do IGVS e da FGC.
- A implantación da plataforma tecnolóxica, consistente nun servidor cos requisitos software e hardware, que serán definidos na primeira reunión da Oficina de Proxecto. Dita plataforma deberá ter instalado ARCMAP 10.3, así como R versión 3.2.1.

Así mesmo, corresponderalle ao IGVS realizar o informe final das principais cifras do estado da vivenda en Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DA FGC NA ELABORACIÓN DO ESTUDO

A adecuada execución dos traballos correspondentes á primeira fase, segundo o descrito na cláusula segunda, implicará que a FGC deberá realizar as seguintes funcións:

O filtrado de erros da base de datos do catastro a través de técnicas *bigdata*.

- Unha vez realizadas as extraccións da base de datos catastral, encargarse da incorporación destes datos no arquivo vectorial, así coma de realizar as operacións xeométricas que permitan obter o perímetro, a altitude a que está cada unha das fincas catastrais e as estimacións da superficie de fachada, medianeiras e superficie de fiestras.

Para a adecuada execución dos traballos correspondentes á segunda fase, segundo o descrito na cláusula segunda, corresponderalle á FGC:

- A actualización dos prezos das intervencións tipo deseñadas.
- A revisión e actualización dos datos de transmitancia térmica (U) de forma individualizada de cada un dos elementos que forman os pechamentos tipo coa ferramenta unificada Lider-Calener. A posta en funcionamento da nova ferramenta conlevará o recálculo dos valores dos pechamentos.

Dentro do ámbito dos traballos correspondentes á terceira fase, segundo o descrito na cláusula segunda, corresponderalle á FGC o desenvolvemento de especificacións, deseño, código fonte, despregamento e operacións.

Santiago

2016 XULL 2016

2.1 XULL 2016: Font: das
25/11/2016 - 12:00
Teléfono 981 41 90 00 - Fax 981

XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Oteirino Santos

QUINTA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO.

Debido a que a maior carga de traballo no desenvolvemento do estudo recaerá sobre a FGC, xa que o IGVS non dispón do persoal técnico necesario nin dos medios materiais suficientes, acórdase que o IGVS achegará á FGC a cantidade de sesenta mil euros (60.000,00 c), impostos excluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.640.0 dos orzamentos do IGVS para o ano 2016.

Dicha achega farase efectiva en tres prazos:

- O IGVS aboará a cantidade de 10.000,00 €, unha vez acreditada por parte da FGC a realización dos traballos correspondentes á primeira fase.
- O IGVS aboará a cantidade de 25.000,00 €, unha vez acreditada por parte da FGC a realización dos traballos correspondentes á segunda fase.
- O IGVS aboará a cantidade de 25.000,00 € unha vez acreditada por parte da FGC a realización dos traballos correspondentes á terceira fase.

A FGC deberá facer entrega dos traballos correspondentes a cada unha das fases, xustificándoos documentalmente cunha certificación expedida polo seu representante legal.

De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o aboamento do gasto por parte do IGVS realizarase unha vez emitida por parte da FGC a factura electrónica correspondente aos traballos de cada unha das fases.

SEXTA.- COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO

- * Con obxecto de coordinar os traballos, crearase unha Comisión Técnica de Seguimento, que estará integrada por dous representantes de cada organismo, nomeados polo Director Xeral do IGVS e polo Presidente da FGC.

Esta Comisión reunirase a petición de calquera das partes e, polo menos, unha vez concluídos os traballos correspondentes a cada unha das fases. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

À Comissió Tècnica de Seguiment correspondran les següents funcions:

- A prestación da correspondente asistencia técnica ao persoal integrante da Oficina de Proxecto encargado da execución das actuacións correspondentes ás mesma.
- O seguimento permanente do desenvolvemento das actuacións realizadas en cada unha das fases de execución dos traballos obxecto do presente Convenio.
- A revisión das entregas e elaboración dos informes correspondentes dos traballos realizados.



- A resolución das controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do Convenio.

As decisións da Comisión de seguimento adoptaranse por unanimidade.

SÉTIMA.- DURACIÓN

O presente Convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa debidamente xustificada.
- c) O mutuo acordo das partes.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no mesmo, non séndolle de aplicación a lexislación de contratos das administracións públicas, conforme ao disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

DECIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XULL. 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Oleirino Santos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Área Central, s/n Pol. de Fontinas
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 931 54 19 27

UNDÉCIMA.- DIVULGACIÓN DA EXISTENCIA DE ESTE CONVENIO

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste Convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado no lugar e data indicados.

POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E
SOLO



Ethel María Vázquez Mourelle

POLA FEDERACIÓN GALEGA DA
CONSTRUCCIÓN

Eligio Nieto Lama

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XULL. 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeiriño Santos